



Itinerario Lector Matemáticas

**DEPARTAMENTO
MATEMÁTICAS
IES DE FENE
(1º e 2º ESO)**




<http://osegrel.blogspot.com>



MALDITAS MATEMÁTICAS ALICIA EN EL PAÍS DE LOS NÚMEROS

Frabetti, Carlo
Editorial Alfaguara

Alicia detesta as matemáticas e considera que non serven para nada. Un día, mentres está a estudar nun parque, un estraño invítala a dar un paseo pola cidade dos números. O seu acompañante resulta ser Lewis Carrol o autor de Alicia no país das marabillas.



PÓNGAME UN KILO DE MATEMÁTICAS

Andradás, Carlos
Editorial SM

As matemáticas están presentes en moitos aspectos da vida cotiá. Dende o número de latidos do noso corazón, ata as órbitas dos planetas. Este libro tenta dar unha visión clarificadora desta ciencia ao mesmo tempo que entrever a través das súas distintas seccións: xogos, relatos, preguntas e respostas...




¡OJALÁ NO HUBIERA NÚMEROS!

Serrano Marugán, Esteban
Editorial Nívola

Imaxina que unha mañá espertas e non se pode ler a hora do reloxo, as matrículas dos coches están en branco, os prezos dos comezos teñen desaparecido, non sabes cantos anos tes,... ¡Un mundo sen números! Iso é o que lle ten acontecido a Arturo por enfadar a Pitágoras V, o rei das matemáticas.


ESAS ENDIABLADAS MATES: CÓMO SUMAR, RESTAR, MULTIPLICAR Y DIVIDIR



Poskitt, Kjartan
Editorial Molino

¡As mates nunca foran tan divertidas! Descubre como saír dunha trampa diabólica e mortal, por que unha pequena multiplicación pode deter unha epidemia. Mentres, o Serrucho, o Sorrisos e a súa panda descubren que as mates poden ser mortíferas.

ESAS MORTÍFERAS MATES



Poskitt, Kjartan

Editorial Molino

Descubre como as matemáticas poden axudarte a rescatar a alguén que se encontra en perigo de morte, a non disparar contra ti mesmo cun canón e a coñecer a uns matemáticos famosos realmente duros.

ERNESTO, EL APRENDIZ DE MATEMAGO



Muñoz Santoja, José

Editorial Nívola

A Ernesto, un estudante de secundaria, o gusto polas matemáticas chegoulle da man do mago Minler. A través de xogos de cartas, de trucos con dados, de adiviñar números, de trucos con cordas, etc, Ernesto descubrirá que debaixo de todo isto está a álgebra e a topoloxía.

EL SEÑOR DEL CERO



Molina, Mª Isabel

Editorial Alfaguara

José é un rapáz mozárabe que ten que fuxir de Córdoba pola envexa que provoca a súa facilidade para o cálculo. Refuxiado no Mosteiro de Ripoll, explicará alí as vantaxes da numeración arábica ao tempo que é testemuña das loitas entre bispos e condes cataláns para independizarse dos francos. Alí coñece a Emma a quen intentará axudar cando está en perigo.

EL MUNDO SECRETO DE LOS NÚMEROS



Gómez Gil, Ricardo

Editorial SM

Os números son un invento prodixioso así como as operacións que se poden realizar con eles. Descubride os segredos e curiosidades que rodean ao mundo das matemáticas a través de xogos, tests, relatos, preguntas e respostas, a mochila do sen-vergonza...



CUENTOS GEOMÉTRICOS

Fernández, Teresa e Rodríguez, Julio

Editorial Proyecto Sur

A trama dos contos baséase en diferentes aventuras e ao longo de cada capítulo plantexanse actividades relacionadas con distintos conceptos matemáticos así como a busca de información sobre persoeiros e feitos matemáticos.

ULRICO Y LA LLAVE DE ORO



Frabetti, Carlo

Editorial Alfaguara

O astuto anano que nesta historia terá que enfrontarse a un rei que ten unha filla que nunca sorrí, a unha bruxa que disque converte aos nenos en figuriñas de mazapán, a un xigante e a un lobishome, pero a súa intelixencia axudarao a salvar todos os obstáculos.

ULRICO Y LAS PUERTAS QUE HABLAN



Frabetti, Carlo

Editorial Alfaguara

O anano Ulrico e o príncipe Fabiano xúntanse para salvar á princesa Blanca e aos sete ananos prisioneiros no castelo da raíña Crudelia. Durante oito días ambos os dous terán que enfrontarse con intelixencia aos enigmas das portas que falan.

ULRICO Y LA FLECHA DE CRISTAL



Frabetti, Carlo

Editorial Alfaguara

Ulrico coa compañía do valente Florindo e grazas á súa intelixencia e razoamento lóxico, conseguirá resolver o enigma dos cabelos da princesa, vencer a un xigante, atopar unha magnífica espada e liberar a unha doncela dun terrible dragón entre outras aventuras...




¡ CUÁNTA GEOMETRÍA HAY EN TU VIDA!

Herrera Merino, Rosa Mª

Editorial SM

Mira ao teu arredor. Moitas das cousas do teu contorno teñen forma xeométrica, familiarízate coas figuras e os corpos xeométricos e divértete descubriendo xeometría na natureza, na pintura, nos motores... así averiguarás que saber xeometría é moi útil para debuxar, construír, deseñar e moitas máis cousas.




EL PALACIO DE LAS CIEN PUERTAS

Frabetti, Carlo

Editorial SM

Se abres este libro converteraste no seu protagonista. Ao lelo, coñecerás un mundo cheo de aventuras e sorpresas, pero tamén de perigos. Con el coñecerás a variopintos persoeiros e buscarás tesouros, só tes que responder a unhas preguntas moi sinxelas.


ARQUÍMEDES EL DESPISTADO



Blanco Laserna, Luis

Editorial El Rompecabezas

Aínda que tivera pinta de que pasaba todo o día nas nubes, na xigantesca barba de Arquímedes non había un só pelo de parvo. Podía levantar barcos coa forza dunha má, defendeu a súa cidade de todo un exército coa única axuda duns espellos, así que cando dixo “*dádeme unha panca e moverei o mundo*”, todos comezaron a tremer e ninguén lla quixo deixar...



LA SELVA DE LOS NÚMEROS

Rodríguez Serrano, Esteban

Editorial El Rompecabezas

Unha tartaruga descobre que os números servían, entre outras cousas, para poñer orden na selva na que vivía.

BIENVENIDO


AL UNIVERSO



Martínez-Lázaro, Clara

Editorial Nivola

Anita está convencida de que o Universo sostense enriba do cobertura dunha tartaruga xigante. ¿E sobre quen se apoia a tartaruga? Sobre outra, claro está. ¿E esta? Qué pregunta... hai infinitas tartarugas. O seu irmán Xoán proponlle baleiran un pouco o universo de tanta tartaruga e, a cambio, enchelo de estrelas, planetas, galaxias e... algunha sorpresa extraordinaria.




Stellarium



2009 Ano Internacional da Astronomía

GALILEO EL ASTRÓNOMO



Rodríguez Serrano, Esteban

Editorial El Rompecabezas

Calquera diría que Galileo non tiña avoa. Segundo el cantaba de marabilla, debuxaba, era un matemático estupendo e un inventor asombroso. Claro que... a ver que avoa podería presumir dun neto que é quen de detectar que o sol está cheo de manchas, que descobre que Saturno é o verdadeiro señor dos aneis ou de multiplicar por mil o número de estrelas que ata entón admiraban os homes...